



LEONARDO LEMOS MONTANET
BISPO DE OURENSE

PROT. Nº 894/2025

NOS O DOUTOR DON JOSÉ LEONARDO LEMOS MONTANET,

POLA GRAZA DE DEUS E DA SÉ APOSTÓLICA,

BISPO DE OURENSE.

A presenza da Igrexa na Educación non se limita á asignatura de Relixión, senón que, como di o Papa León, o mundo educativo católico constitúe unha constelación, xa que “é unha rede viva e plural [...] cada «estrela» ten o seu propio brillo, pero todas xuntas debuxan unha ruta” (*Deseñar novos mapas de esperanza*, 8.1). A Igrexa en España está traballando intensamente neste senso e nós, dende a nosa diocese, contamos convosco, profesorado cristián, para poder crear tamén aquí a nosa pequena constelación na que todos os axentes implicados na educación vos sintades protagonistas. Sendo así é o meu desexo comunicarvos que, despois das reflexións levadas a cabo tanto nas dúas últimas Comisións Permanentes coma na última Asemblea Plenaria do Episcopado, sendo consciente da complexa situación que supón a coordinación e axuda ás tarefas dedicadas á educación, cultura e deporte, que son áreas nas que debe estar implicada a pastoral diocesana, vin necesario distribuír as competencias de cada un dos sectores da forma que segue, con **unha nova configuración da Delegación Episcopal de Educación, Cultura e Universidade:**

D. Alejo M. Diz Franco: Delegado Diocesano para a Educación e a Cultura

- Coordinador dos delegados de Educación de Galicia e Representante Autonómico na “Comisión de Educación e Cultura da CEE”.
- Membro do Consello “A Igrexa na Educación”, da CEE
- Interlocutor coa Consellería de Educación en nome da Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela
- Interlocutor cos sindicatos
- Responsable da Formación Inicial do Profesorado de Relixión
- alejo@seminariomenorourense.com

Dña. Raquel Estévez Prado: Secretaria técnica

- Encargada das comunicacións
- Responsable da tramitación e distribución dos títulos de formación
- asuntosacademicos@obispadodeourense.com

Dña. Noa Vasallo Barrueco: Responsable do Secretariado para o profesorado cristián

- Responsable da interlocución cos colexios privados e concertados
- Encargada da tramitación de DEI e Missio
- colegiosprivados@obispadodeourense.com

D. Carlos Rodríguez Rícla: Responsable do Secretariado para o profesorado de Relixión e a Pastoral do Deporte

- Encargado do acompañamento do profesorado de ERE de colexios e institutos públicos
- Coordinador das actividades extraescolares organizadas pola diocese
- Responsable da Pastoral do Deporte
- colexiospublicos@obispadodeourense.com

Dña. María Cabrerizo Fagilde: Responsable do Secretariado para a Formación permanente do profesorado

- Responsable dos cursos de formación da diocese
- Encargada das relacións coas editoriais
- formacion@obispadodeourense.com

Rvdo. D. Álvaro Fernández Fidalgo: Responsable do Secretariado para a Universidade e a Cultura

- Responsable das relacións institucionais coa Universidade
- Encargado das actividades culturais non escolares
- universidadycultura@obispadodeourense.com

Agardo atoparvos pronto e deséxovos, a cada un de vós e ás vosas familias, un santo Nadal e un venturoso ano 2026.

Dado na cidade de Ourense a, vinte catro de decembro de dous mil vinte cinco.



J. Leonardo
J. Leonardo Lemos Montanet
Bispo de Ourense

Por mandato de su Excia. Rvma.

Manuel Emilio Rodríguez Álvarez
Chanceler-Secretario